

Revista trimestral



# RC CEIPRAQUEL RC CAMACHO

A Coruña, decembro, 2022



SAMAÍN E MAGOSTO

## COMA ANTES

Retomamos a normalidade

DÍA DA CIENCIA EN GALEGO

## EXPERIMENTOS

O camiño cara o coñecemento

RECOMENDACIÓNS E BOOKTUBERS

## QUE LER?

Libros para a Nadal

### VIVEIRO

express



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

DÍA DA CIENCIA EN GALEGO

# EXPERIMENTAR PARA COÑECER

O Día da Ciencia en Galego é a celebración do Día Internacional da Ciencia en Galicia e en

moitas clases conmemorámolo do mellor xeito: facendo ciencia.



*Colle dúas **candeas** de diferente tamaño: unha grande e outra pequena. Acéndelas, cúbreas cun vidro e observa cal se apaga antes. A que cres que é debido?*

Realizamos este e outros moitos experimentos científicos nas clases. Por exemplo, descubrimos un no que faciamos **flotar letras** escritas con rotulador. Noutro, inflamamos un

globo empregando vinagre e bicarbonato! Podes crer iso?



Usa este QR (por certo, algo que tamén leva moita ciencia dentro: os códigos QR) para saber máis. ■

COMO DICIAMOS ONTE...

# VOLTA Á NORMALIDADE

O curso pasado, ao igual ca os outros dous anteriores, resultou un pouco raro. Ata ben finalizado, non puidemos realizar

actividades de maneira normalizada: o virus seguía facendo moito mal. Pero isto cambiou. Aí van dous exemplos.

Desde setembro, estamos a celebrar festas e conmemoracións como fixemos toda a vida antes de que chegara a pandemia.

A finais de outubro chegou o Samaín cunha chea de actividades: concurso de cabazas, disfraces, concurso de relatos *Dáme medo...* e algo que viñamos botando moito de menos: o noso Samaín Rebuldeiro! O gran túnel do terror. Moi noso, moi do Raquel Camacho.



E algo moi do noso cole era e segue sendo o Magosto, a gran festa das castañas. O seu recendo espallouse pola escola mentres se asaban e entráronnos as gañas de xogar. Así que, coma sempre, montamos no patio unha chea de xogos cunha protagonista saborosa: a castaña. ■



## BIBLIOTECA ESCOLAR




# BOOKTUBERS NO COLEXIO

O alumnado do colexio, desde o noso amor polos libros, animámosche a que leas os libros

que che propoñemos. E facémolo dun xeito xenial: usando Youtube.

Estaste aburrindo coma unha ostra aí coa túa pantalliña diante, non si? Sempre os mesmos vídeos de parvadas e os mesmos *memes*. Pois, non o penses: colle un libro e mergúllate nunha fascinante historia.



Ah, que non sabes que ler? Pois desde a biblio do Raquel dámosche dúas opcións para que escollas ben. A primeira son as recomendacións lectoras que aparecen en todos os *Viveiros*. Tanto nos folletos coma na revista anual ([edu.xunta.gal/centros/ceipraquelcamacho/recomendacionslectoras](http://edu.xunta.gal/centros/ceipraquelcamacho/recomendacionslectoras)).

E a segunda opción que tes consiste en visitar os blogs da biblio (os Rakontos) e visionar alí algunha das suxestións que che propoñemos os booktubers do cole. ■




VEÑA, ATRÉVETE CON ESTES XOGOS

# PASATEMPOS

Si, si. Xa sabemos que andas sempre rumbando de ser máis listo/a que un allo e de ter un

ollo clínico. Pois veña, chegou a hora de demostralo dunha vez!

MANDALA DO NADAL DE ESCUELAENLANUBE.COM




## SOPAS DE LETRAS

Vas tocar algún **instrumento** neste Nadal. Iso seguro! Veña, atopa 12!

Nivel  
SINXELO

BANDURRIA  
BIRIMBAU  
BOMBO  
CHARRASCO  
FRAUTA  
GAITA, GUITARRA  
PANDEIRO  
PANDEIRETA  
TARRAÑOLAS  
ZANFOÑA




Estes invertebrados pódenche gustar ou non. Aquí só tes que buscar 12.



ABELLA  
BOLBORETA  
CARACOL, CARRACHO  
CEMPÉS, EIRUGA  
GRILO, LESMA  
MINCHA, MIÑOCA  
PIOLLO, XOANIÑA

## XEROGLÍFICO

Que vas ir escoller hoxe?



## AGUDEZA VISUAL

A ver se atopas a letra M.



## COCIDO DE LETRAS

Risca as letras que se repiten en cada fila. Coas restantes deberás formar unha palabra que aparece neste folleto trimestral.

R	M	Z	T	C	Z	Q	C	B	B	Q	T	M
S	G	F	V	F	X	G	E	H	V	X	H	S
Z	i	N	N	i	V	V	U	U	B	M	Z	M
X	R	T	R	T	L	P	X	L	O	U	O	P
G	T	N	G	M	Z	L	Z	T	S	N	S	M
R	T	O	U	D	O	Q	R	S	Q	T	U	S
R	S	R	T	i	O	T	S	U	U	i	O	E
i	D	Ñ	Ñ	F	D	H	L	F	G	L	G	H
Z	N	X	N	Z	X	C	R	C	V	B	V	B
M	Q	O	M	E	T	R	Q	P	E	R	T	P



Escribe aquí a solución ao  
**COCIDO DE LETRAS**


RECOMENDACIÓN LECTORAS PARA O NADAL



# QUE LER?


## EDUCACIÓN INFANTIL



**NO DESPIERTES A LA DRAGONA** de Bianca Schulze e Samara Hardy. E dicímoscho así, baixiño.

+ INFO: [Bruño](#)

## 1º E 2º DE E. PRIMARIA



**(NON) A TODAS AS NENAS LLES GUSTA O ROSA** de David Pintor. Humor contra estereotipos.

+ INFO: [Xerais](#)

## 3º E 4º DE E. PRIMARIA



**CAER DE CU POLO UNIVERSO** de Estíbaliz Espinosa e Lucía Cobo. Sabes onde queda o cu do mundo?

+ INFO: [Apiario](#)

## 6º E 5º DE E. PRIMARIA



**O NENO DE LUME** de Leticia Costas. Morgan é un neno peculiar. Diso non hai dúbida, non si?

+ INFO: [Xerais](#) ■

# CAVILAR SEMPRE TEN PREMIO!

Xa resolviches o cocido de letras, non si? Pois agora pos os teus datos, colles unha tesoir e recortas este papel pola liña e entrégaslo ao teu ou á túa profe.

Logo, tócache agardar o sorteo. Consegurás premio?

Data límite de entrega: venres, 13 de xaneiro de 2022.

NOME E APELIDOS:

CURSO:  ETAPA: